

ranza e da saúde no traballo da traballadora embarazada, que dese a luz ou en período de lactación. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais elaborará, no prazo de seis meses desde a publicación do real decreto, unhas directrices sobre avaliación do risco.

3. O Goberno poderá fixar, antes do 21 de decembro de 2007 e mediante real decreto, os supostos a que se refire o parágrafo segundo de artigo 71.1 desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Transposición de directivas.*

Mediante esta lei incorpórase ao ordenamento xurídico a Directiva 2002/73, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro de 2002, de modificación da Directiva 76/207, do 9 de febreiro de 1976, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesionais e ás condicións de traballo, e a Directiva 2004/113, do Consello, do 13 de decembro de 2004, sobre aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no acceso a bens e servizos e a súa subministración.

Así mesmo, mediante esta lei, incorpórase á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, e á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a Directiva 97/80/CE do Consello, do 15 de decembro de 1997, relativa á carga da proba nos casos de discriminación por razón de sexo.

Disposición derradeira quinta. *Plans de igualdade e negociación colectiva.*

Unha vez transcorridos catro anos desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno procederá a avaliar, xunto coas organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas, o estado da negociación colectiva en materia de igualdade e a estudar, en función da evolución habida, as medidas que, se é o caso, resulten pertinentes.

Disposición derradeira sexta. *Implantación das medidas preventivas do acoso sexual e do acoso por razón de sexo na Administración xeral do Estado.*

A aplicación do protocolo de actuación sobre medidas relativas ao acoso sexual ou por razón de sexo regulado no artigo 62 desta lei terá lugar no prazo de seis meses desde a entrada en vigor do real decreto que o aprobe.

Disposición derradeira sétima. *Medidas para posibilitar os permisos de maternidade e paternidade das persoas que ocupan un cargo electo.*

A partir da entrada en vigor desta lei, o Goberno promoverá o acordo necesario para iniciar un proceso de modificación da lexislación vixente co fin de posibilitar os permisos de maternidade e paternidade das persoas que ocupen un cargo electo.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, con excepción do previsto no artigo 71.2, que o fará o 31 de decembro de 2008.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de marzo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DO INTERIOR

**6237** *REAL DECRETO 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.* («BOE» 72, do 24-3-2007.)

A obriga dos poderes públicos de garantir o dereito á vida e á integridade física, como o máis importante de todos os dereitos fundamentais, incluído no artigo 15 da Constitución española, debe formularse non só de forma que os cidadáns alcancen a protección a través das administracións públicas, senón que se debe procurar a adopción de medidas destinadas á prevención e control de riscos na súa orixe, así como á actuación inicial nas situacións de emerxencia que se puidesen presentar.

A Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil, recolle os aspectos relativos á autoprotección, determinando nos seus artigos 5 e 6 a obriga do Goberno de establecer un catálogo das actividades de toda orde que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia e a obriga dos titulares dos centros, establecementos e dependencias ou medios análogos onde se realicen estas actividades, de dispor dun sistema de autoprotección, dotado cos seus propios recursos, para accións de prevención de riscos, alarma, evacuación e socorro. Así mesmo, o propio artigo 6 determina que o Goberno, por proposta do Ministerio do Interior, logo de informe da Comisión Nacional de Protección Civil, establecerá as directrices básicas para regular a autoprotección.

As distintas administracións públicas desenvolveron normas legais, regulamentarias e técnicas en materia de prevención e control de riscos, que constitúen unha boa base para o desenvolvemento de accións preventivas e, en consecuencia, da autoprotección.

Entre elas, é preciso destacar a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cuxo obxecto é promover a seguranza e saúde dos traballadores mediante a aplicación de medidas e o desenvolvemento das actividades necesarias para a prevención de riscos derivados do traballo.

É evidente que a protección dos traballadores dunha determinada dependencia ou establecemento, especialmente en canto se refire a riscos catastróficos, implica, as máis das veces, a protección simultánea doutras persoas presentes no establecemento, co que, en tales casos, se estará atendendo asemade á seguranza dos traballadores e á do público en xeral. Noutras ocasións, porén, o ámbito de protección abarcado pola Lei 31/1995, do 8 de novembro, non será coincidente co que debe corresponder á autoprotección a que se refire a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro. Así, por exemplo, determinados riscos, os estritamente laborais, serano unicamente para os traballadores dun determinado establecemento, sen afectar o resto das persoas presentes nel. Pola contra, outros riscos, derivados do desenvolvemento dunha determinada actividade, sono fundamentalmente para un colectivo de cidadáns, ás veces enormemente extenso que, por diferentes razóns, se encontran expostos. En certos casos, a xeración do risco pode non derivar incluso dunha actividade económica ou vinculada a unha actividade propiamente laboral.

En consecuencia, a actividade protectora da seguranza e da saúde, derivada da Lei 31/1995, do 8 de novembro, tendo un campo común coa autoprotección a que se refire a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, non cobre os requirimentos de prevención ou redución de riscos para a poboación de que esta última se ocupa.

Por outra parte, deben citarse no ámbito estatal o Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas; o Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación; o Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguranza contra incendios nos establecementos industriais, ou a Orde do 13 de novembro de 1984, sobre evacuación de centros docentes de educación xeral básica, bacharelato e formación profesional.

Tamén existe en diversos ámbitos das comunidades autónomas e das entidades locais experiencia na aplicación non vinculante da Orde do 29 de novembro de 1984, pola que se aproba o manual de autoprotección para o desenvolvemento do Plan de emerxencia contra incendios e de evacuación de locais e edificios, e promulgaron as comunidades autónomas normas e regulamentos en materias tales como espectáculos públicos ou prevención de incendios que, xunto ás ordenanzas municipais, foron acrecentando o corpo normativo da autoprotección.

A autoprotección foi, así mesmo, abordada nas directrices básicas de planificación de protección civil e nos plans especiais ante riscos específicos.

Este real decreto vén desenvolver os preceptos relativos á autoprotección, contidos na Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, e a dar cumprimento ao establecido na sección IV, do capítulo I, do Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, anteriormente citado. Constitúe o marco legal que garante para todos os cidadáns uns niveis adecuados de seguranza, eficacia e coordinación administrativa, en materia de prevención e control de riscos. Respecta, así mesmo, as competencias propias das comunidades autónomas e entidades locais na materia e a existencia dunha determinada normativa básica sectorial que impón obrigas de autoprotección fronte a riscos específicos. Así, as disposicións deste real decreto terán carácter supletorio para as actividades con regulamentación sectorial específica.

A norma básica de autoprotección define e desenvolve a autoprotección e establece os mecanismos de control por parte das administracións públicas. Recolle unha gradación das obrigas da autoprotección e respecta a normativa sectorial específica daquelas actividades que, pola súa potencial perigosidade, importancia e posibles efectos prexudiciais sobre a poboación, o ambiente e os bens, deben ter un tratamento singular.

A norma básica de autoprotección establece a obriga de elaborar, implantar materialmente e manter operativos os plans de autoprotección e determina o contido mínimo que deben incorporar estes plans naquelas actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións e dependencias que, potencialmente, poden xerar ou resultar afectadas por situacións de emerxencia. Incide non só nas actuacións ante estas situacións, senón tamén, e con carácter previo, na análise e avaliación dos riscos, na adopción de medidas preventivas e de control dos riscos, así como na integración das actuacións en emerxencia, nos correspondentes plans de emerxencia de protección civil.

Dada a complexidade da materia e a súa posible incidencia sobre a seguranza das persoas, faise necesario levar a cabo o estudo e seguimento permanente das normas en materia de autoprotección así como das relacións intersectoriais que esta normativa leva consigo, para a vixencia e actualización da propia norma básica de autoprotección.

No proceso de tramitación do presente real decreto participou a Comisión Nacional de Protección Civil, mediante a emisión do seu informe preceptivo, de conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 2/1985, do 21 de xaneiro.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, co informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda, coa aprobación previa do ministro de Adminis-

tracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de marzo de 2007,

## DISPÕO :

Artigo 1. *Aprobación da norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias, dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.*

Apróbase a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias, dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia (en diante norma básica de autoprotección), cuxo texto se insire a continuación deste real decreto.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións deste real decreto aplicaranse a todas as actividades comprendidas no anexo I da norma básica de autoprotección, aplicándose con carácter supletorio no caso das actividades con regulamentación sectorial específica, recollidas no punto 1 do citado anexo.

2. Porén, as administracións públicas competentes poderanlles exixir a elaboración e implantación de plans de autoprotección aos titulares de actividades non incluídas no anexo I, cando presenten un especial risco ou vulnerabilidade.

3. Quedarán exentos do control administrativo e do rexistro aqueles centros, establecementos ou instalacións dependentes do Ministerio de Defensa, de institucións penitenciarias, das forzas e corpos de seguranza, e protección alfandegueira, así como os dos órganos xudiciais.

4. Cando as instalacións ou actividades a que se refire esta norma básica dispoñan de regulamentación específica propia que regule o seu réxime de autorizacións, os procesos de control administrativo e técnico dos seus plans de emerxencia interior responderán ao disposto na citada regulamentación específica.

Artigo 3. *Carácter de norma mínima.*

1. As obrigas de autoprotección establecidas no presente real decreto serán exixidas como norma mínima ou supletoria, de conformidade co establecido no artigo 2.1.

2. Os plans de autoprotección previstos nesta norma e aqueles outros instrumentos de prevención e autoprotección impostos por outra normativa aplicable, poderanse fusionar nun documento único cando esta unión permita evitar duplicacións innecesarias da información e a repetición dos traballos realizados polo titular ou a autoridade competente, sempre que se cumpran todos os requisitos esenciais da presente norma e das demais aplicables de acordo co artigo 2.1.

Artigo 4. *Elaboración dos plans de autoprotección.*

1. A elaboración dos plans de autoprotección previstos na norma básica de autoprotección ateranse ás seguintes condicións:

a) A súa elaboración, implantación, mantemento e revisión é responsabilidade do titular da actividade.

b) O plan de autoprotección deberá ser elaborado por un técnico competente capacitado para ditaminar sobre aqueles aspectos relacionados coa autoprotección fronte aos riscos a que estea suxeita a actividade.

c) No caso de actividades temporais realizadas en centros, establecementos, instalacións e/ou dependencias, que dispoñan de autorización para unha actividade distinta da que se pretende realizar e incluída no anexo I, o organizador da actividade temporal estará obrigado a elaborar e implantar, con carácter previo ao inicio da nova actividade, un plan de autoprotección complementario.

d) Os centros, establecementos, espazos, instalacións e dependencias que deban dispor de plan de autoprotección deberán integrar no seu plan os plans das distintas actividades que se encontren fisicamente nel, así como recoller o resto de actividades non incluídas na norma básica de autoprotección.

e) Nos centros, establecementos, espazos, instalacións e dependencias do punto anterior poderase admitir un plan de autoprotección integral único, sempre que se prevexan todos os riscos particulares de cada unha das actividades que conteñan.

f) Os titulares das distintas actividades, en réxime de arrendamento, concesión ou contrata, que se encontren fisicamente nos centros, establecementos, espazos, instalacións e dependencias que deban dispor de plan de autoprotección, de acordo co establecido no anexo I, deberán elaborar, implantar e integrar os seus plans, cos seus propios medios e recursos.

2. O plan de autoprotección deberá acompañar os restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización necesaria para o comezo da actividade.

3. As administracións públicas competentes poderán, en todo momento, requirir do titular da actividade correccións, modificacións ou actualizacións dos plans de autoprotección elaborados en caso de variación das circunstancias que determinaron a súa adopción ou para adecualos á normativa vixente sobre autoprotección e ao disposto nos plans de protección civil.

#### Artigo 5. *Rexistro dos plans de autoprotección.*

1. Os datos dos plans de autoprotección relevantes para a protección civil deberán ser inscritos nun rexistro administrativo, que incluírá como mínimo os datos referidos no anexo IV da norma básica de autoprotección.

Para tal fin, os titulares das actividades remitirán ao órgano encargado deste rexistro os referidos datos e as súas modificacións.

2. O órgano encargado do rexistro, así como os procedementos de control administrativo e rexistro dos plans de autoprotección dos centros, establecementos, espazos, instalacións e dependencias onde se desenvolven as actividades relacionadas no anexo I da norma básica de autoprotección, será establecido polas comunidades autónomas competentes ou o órgano competente establecido no caso de actividades con regulamentación sectorial específica.

#### Artigo 6. *Funcións da Comisión Nacional de Protección Civil en materia de autoprotección.*

A Comisión Nacional de Protección Civil, de acordo coas funcións que lle atribúe a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil, terá as seguintes funcións relacionadas coa autoprotección.

a) Propor as revisións e actualizacións necesarias da norma básica de autoprotección.

b) Propor as modificacións que procedan nas disposicións normativas relacionadas coa autoprotección.

c) Propor criterios técnicos para a correcta interpretación e aplicación da norma básica de autoprotección.

d) Emitir informe preceptivamente sobre os proxectos de normas de autoprotección que afecten a seguranza de persoas e bens.

e) Elaborar criterios, estudos e propostas no ámbito da autoprotección.

#### Artigo 7. *Promoción e fomento da autoprotección.*

1. As distintas administracións públicas, no marco das súas competencias, promoverán de forma coordinada a autoprotección, establecendo os medios e recur-

sos necesarios mediante o desenvolvemento de actuacións orientadas á información e sensibilización dos cidadáns, empresas e institucións en materia de prevención e control de riscos, así como en materia de preparación e resposta en situacións de emerxencia.

2. A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias establecerá un fondo de documentación especializado en materia de autoprotección para contribuir ao seu desenvolvemento e á súa promoción.

#### Artigo 8. *Vixilancia e inspección polas administracións públicas.*

As administracións públicas, no ámbito da autoprotección, exercerán funcións de vixilancia, inspección e control, de acordo co seguinte:

a) Os órganos competentes para o outorgamento de licenza ou permiso para a explotación ou inicio de actividade que corresponda, velarán polo cumprimento das exixencias contidas na norma básica de autoprotección.

b) Os órganos competentes en materia de protección civil das administracións públicas estarán facultados para adoptar as medidas de inspección e control necesarias para garantir o cumprimento da norma básica de autoprotección.

#### Artigo 9. *Réxime sancionador.*

O incumprimento das obrigas de autoprotección será sancionable polas administracións públicas competentes, conforme a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, as correspondentes leis de protección civil e emerxencias das comunidades autónomas e o resto do ordenamento xurídico aplicable en materia de autoprotección.

#### Disposición transitoria única. *Actividades existentes.*

Os titulares das actividades do anexo I da norma básica de autoprotección, que xa tivesen concedida a correspondente licenza de actividade ou permiso de funcionamento ou explotación na data de entrada en vigor deste real decreto, deberán presentar o plan de autoprotección elaborado ante o órgano da Administración pública competente para a autorización da actividade no prazo que esta estableza.

Nos casos en que deban establecerse medidas complementarias e correctoras de autoprotección, este prazo para a súa implantación poderase incrementar, cando así o autorice expresamente de forma debidamente xustificada o órgano da Administración pública competente para a autorización da actividade.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 29 de novembro de 1984, pola que se aproba o manual de autoprotección para o desenvolvemento do Plan de emerxencia contra incendios e de evacuación de locais e edificios, así como a sección IV do capítulo I do título primeiro do Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, aprobado polo Real decreto 2816/1982, do 28 de agosto.

#### Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

O ministro do Interior, logo de informe da Comisión Nacional de Protección Civil, ditará cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do presente real decreto.

#### Disposición derradeira segunda. *Atribucións das comunidades autónomas.*

As comunidades autónomas e as entidades locais poderán ditar, dentro do ámbito das súas competencias e

en desenvolvemento do disposto con carácter mínimo nesta norma básica de autoprotección, as disposicións necesarias para establecer os seus propios catálogos de actividades susceptibles de xerar riscos colectivos ou de resultar afectados por eles, así como as obrigas de autoprotección que se prevexan para cada caso. En particular, poderán estender as obrigas de autoprotección a actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias onde se desenvolvan actividades non incluídas no anexo I da norma básica de autoprotección, así como desenvolver os procedementos de control e inspección dos plans de autoprotección.

Disposición derradeira terceira. *Salvagarda do cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais.*

O disposto neste real decreto entenderase sen prexuízo do establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e na normativa que a desenvolve.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de marzo de 2007

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,  
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA

## **NORMA BÁSICA DE AUTOPROTECCIÓN DOS CENTROS, ESTABLECEMENTOS E DEPENDENCIAS, DEDICADOS A ACTIVIDADES QUE POIDAN DAR ORIXE A SITUACIÓNS DE EMERXENCIA**

### **1. Disposicións xerais**

1.1 Obxecto da norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias, dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.—A presente norma básica ten como obxecto o establecemento dos criterios esenciais, de carácter mínimo, para a regulación da autoprotección, para a definición das actividades a que obriga, e para a elaboración, implantación material efectiva e mantemento da eficacia do Plan de autoprotección, en diante plan de autoprotección.

1.2 Concepto de autoprotección.—Enténdese como autoprotección o sistema de accións e medidas encamiñadas a previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens, a dar resposta adecuada ás posibles situacións de emerxencia e a garantir a integración destas actuacións co sistema público de protección civil.

Estas accións e medidas deben ser adoptadas polos titulares das actividades, públicas ou privadas, cos seus propios medios e recursos, dentro do seu ámbito de competencia.

1.3 Funcións das administracións públicas.—Atendendo ás competencias atribuídas ás administracións públicas neste real decreto, consideraranse os seguintes órganos competentes:

1. A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, para:

a) Manter unha relación permanente cos órganos competentes en materia de protección civil das comunidades autónomas, para todos os efectos previstos neste real decreto.

b) Realizar a información previa de todos os plans de autoprotección que tivese que efectuar calquera titular, cando o órgano competente para o outorgamento de licenza ou permiso para a explotación ou inicio de activi-

dade pertencese á Administración xeral do Estado, e establecer o correspondente rexistro para estes.

c) Fomentar a creación de foros de debate e a realización de actividades de formación en materia de autoprotección.

d) Constituírse como punto de contacto e autoridade competente en todo o relativo a autoprotección en relación coa Unión Europea e outros organismos internacionais.

2. Os órganos das administracións públicas competentes para o outorgamento de licenza ou permiso para a explotación ou inicio de actividade, para:

a) Recibir a documentación correspondente aos plans de autoprotección.

b) Requirir cantos datos coide oportuno no exercicio das súas competencias.

c) Obrigar os titulares das actividades situadas nunha mesma edificación ou recintos contiguos para que presenten e/ou implanten un plan conxunto de autoprotección, cando a valoración das circunstancias concorrentes e a protección de bens e persoas así o recomende, dándolles un prazo razoable para levalo a efecto.

d) Velar polo cumprimento das obrigas impostas en materia de autoprotección, exercendo a inspección e control da autoprotección.

e) Comunicarlles aos órganos competentes en materia de protección civil aquelas circunstancias e informacións que resulten do seu interese en materia de autoprotección.

3. Os órganos competentes en materia de protección civil no ámbito local, autonómico ou estatal, segundo corresponda, sen prexuízo das competencias atribuídas aos órganos a que se refire o punto anterior, estarán facultados para:

a) Exixirlles a presentación e/ou a implantación material e efectiva do plan de autoprotección aos titulares das actividades citadas no anexo I, así como inspeccionar o cumprimento da norma básica de autoprotección nos termos previstos na normativa vixente.

b) Instar os órganos das administracións públicas competentes na concesión de licenzas ou permisos de explotación ou inicio de actividades, o exercicio das atribucións contidas na alínea d) do punto anterior.

c) Exercer a atribución contida na alínea d) do punto anterior, por si mesmo, cando os órganos das administracións públicas competentes na concesión de licenzas ou permisos de explotación ou inicio de actividades desatendan o requirimento formulado.

d) Establecer e manter os correspondentes rexistros e arquivos de carácter público, de acordo coa normativa aplicable, dos plans de autoprotección.

e) Obrigar os titulares das actividades que consideren perigosas, por si mesmas ou por estaren en contornos de risco, aínda que a actividade non figure no anexo I, a que elaboren e implanten un plan de autoprotección, dándolles un prazo razoable para levalo a efecto.

f) Promover a colaboración entre as empresas ou entidades cuxas actividades presenten riscos especiais, co fin de incrementar o nivel de autoprotección nas súas instalacións e no contorno destas.

g) Exercer a potestade sancionadora conforme o que prevexan as leis aplicables.

1.4 Obrigas dos titulares das actividades.—As obrigas dos titulares das actividades descritas no anexo I serán as seguintes:

a) Elaborar o plan de autoprotección correspondente á súa actividade, de acordo co contido mínimo definido no anexo II e os criterios establecidos no punto 3.3. desta norma.

b) Presentar o plan de autoprotección ao órgano da Administración pública competente para outorgar a licenza ou permiso determinante para a explotación ou inicio da actividade.

c) Desenvolver as actuacións para a implantación e o mantemento da eficacia do plan de autoprotección, de acordo co contido definido no anexo II e os criterios establecidos nesta norma básica de autoprotección.

d) Remitir ao rexistro correspondente os datos previstos no anexo IV desta norma básica de autoprotección.

e) Informar e formar o persoal ao seu servizo nos contidos do plan de autoprotección.

f) Facilitar a información necesaria para, de ser o caso, posibilitar a integración do plan de autoprotección noutros plans de autoprotección de ámbito superior e nos plans de protección civil.

g) Informar o órgano que outorga a licenza ou permiso determinante para a explotación ou inicio da actividade acerca de calquera modificación ou cambio substancial na actividade ou nas instalacións, naquilo que afecte a autoprotección.

h) Colaborar coas autoridades competentes das administracións públicas no marco das normas de protección civil que lle sexan de aplicación.

i) Informar coa antelación suficiente os órganos competentes en materia de protección civil das administracións públicas da realización dos simulacros previstos no plan de autoprotección.

1.5 Obrigas do persoal das actividades.–O persoal ao servizo das actividades descritas no anexo I terá a obriga de participar, na medida das súas capacidades, no plan de autoprotección e asumir as funcións que lle sexan asignadas no citado plan.

1.6 Definicións.–No anexo III defínense os conceptos e termos fundamentais utilizados na presente norma básica de autoprotección.

## 2. Alcance

A presente norma básica de autoprotección será de aplicación a todas aquelas actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións e dependencias recollidos no anexo I que poidan resultar afectados por situacións de emerxencia.

(...)

Os requisitos esenciais recollidos na presente norma básica de autoprotección serán de obrigado cumprimento, de acordo co establecido no artigo 2.1 deste real decreto, para as actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias mencionadas anteriormente.

As comunidades autónomas e as entidades locais poderán establecer, no ámbito das súas competencias, valores límite máis restritivos dos establecidos no anexo I, atendendo a algún ou varios dos seguintes criterios:

Cabida e ocupación.

Vulnerabilidade.

Carga de lume.

Cantidade de substancias perigosas.

Condicións físicas de accesibilidade dos servizos de rescate e salvamento.

Tempo de resposta dos servizos de rescate e salvamento.

Posibilidade de efecto dominó e danos ao exterior.

Condicións do contorno.

Outras condicións que puidesen contribuir ao risco.

## 3. Plan de autoprotección

3.1 Concepto e obxecto.–O plan de autoprotección é o documento que establece o marco orgánico e funcional previsto para un centro, establecemento, espazo, instala-

ción ou dependencia, co obxecto de previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar resposta adecuada ás posibles situacións de emerxencia, na zona baixo responsabilidade do titular da actividade, garantindo a integración destas actuacións co sistema público de protección civil.

O plan de autoprotección aborda a identificación e avaliación dos riscos, as accións e medidas necesarias para a prevención e control de riscos, así como as medidas de protección e outras actuacións que haberá que adoptar en caso de emerxencia.

3.2 Contido.–O plan de autoprotección recollerase nun documento único cuxa estrutura e contido mínimo se recolle no anexo II.

Este ou outros documentos de natureza análoga que deban realizar os titulares en virtude da normativa sectorial aplicable poderán fusionarse nun documento único para estes efectos, cando esta unión permita evitar duplicacións innecesarias da información e a repetición dos traballos realizados polo titular ou a autoridade competente, sempre que se cumpran todos os requisitos esenciais da presente norma.

O titular do establecemento que xa teña elaborado un instrumento de prevención e autoprotección con base noutra normativa, deberalle engadir aquela parte do anexo II que non estea recollida no citado instrumento.

O documento do plan de autoprotección incluírá todos os procedementos e protocolos necesarios para reflectir as actuacións preventivas e de resposta á emerxencia.

3.3 Criterios para a elaboración do plan de autoprotección.–Os criterios mínimos que se deben observar na elaboración do plan de autoprotección son os seguintes:

1. O plan de autoprotección deberá estar redactado e asinado por técnico competente capacitado para ditaminar sobre aqueles aspectos relacionados coa autoprotección fronte aos riscos a que estea suxeita a actividade, e subscrito igualmente polo titular da actividade, se é unha persoa física, ou por persoa que o represente se é unha persoa xurídica.

2. O titular da actividade designará unha persoa como responsable única para a xestión das actuacións encamiñadas á prevención e ao control de riscos.

3. Os procedementos preventivos e de control de riscos que se establezan terán en conta, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Precaucións, actitudes e códigos de boas prácticas que se adoptarán para evitar as causas que poidan orixinar accidentes ou sucesos graves.

b) Permisos especiais de traballo para a realización de operacións ou tarefas que xeren riscos.

c) Comunicación de anomalías ou incidencias ao titular da actividade.

d) Programa das operacións preventivas ou de mantemento das instalacións, equipamentos, sistemas e outros elementos de risco, definidos no capítulo 5 do anexo II, que garanta o seu control.

e) Programa de mantemento das instalacións, equipamentos, sistemas e elementos necesarios para a protección e seguranza, definidos no capítulo 5 do anexo II, que garanta a súa operatividade.

4. Establecerase unha estrutura organizativa e xerarquizada, dentro da organización e persoal existente, fixando as funcións e responsabilidades de todos os seus membros en situacións de emerxencia.

5. O titular da actividade designará unha persoa responsable única, con autoridade e capacidade de xestión, que será o director do Plan de actuación en emerxencias, segundo o establecido no anexo II.

6. O director do Plan de actuación en emerxencias será responsable de activar este plan de acordo co esta-

blecido nel, declarando a correspondente situación de emerxencia, notificando ás autoridades competentes de protección civil, informando o persoal e adoptando as accións inmediatas para reducir as consecuencias do accidente ou suceso.

7. O Plan de actuación en emerxencias debe detallar os posibles accidentes ou sucesos que puidesen dar lugar a unha emerxencia e relacionaralos coas correspondentes situacións de emerxencia establecidas nel, así como os procedementos de actuación para aplicar en cada caso.

8. Os procedementos de actuación en emerxencia deberán garantir, polo menos:

A detección e alerta.

A alarma.

A intervención coordinada.

O refuxio, evacuación e socorro.

A información en emerxencia a todas aquelas persoas que puidesen estar expostas ao risco.

A solicitude e recepción de axuda externa dos servizos de emerxencia.

3.4 Coordinación e actuación operativa.—Os órganos competentes en materia de protección civil velarán porque os plans de autoprotección teñan a adecuada capacidade operativa, nos distintos supostos de risco que se poidan presentar, e quede asegurada a necesaria coordinación entre estes plans e os de protección civil que resulten aplicables, así como a unidade de mando externa, nos casos que o requiran.

Con esa finalidade, estes órganos establecerán os protocolos que garantan, por un lado, a comunicación inmediata dos incidentes que se produzan e teñan ou poidan ter repercusións sobre a autoprotección e, por outro, a mobilización dos servizos de emerxencia que, de ser o caso, deban actuar. Así mesmo, establecerán os procedementos de coordinación de tales servizos de emerxencia cos propios do plan de autoprotección e os requisitos organizativos que permitan o exercicio do mando polas autoridades competentes en materia de protección civil.

3.5 Criterios para a implantación do plan de autoprotección.—A implantación do plan de autoprotección comprenderá, polo menos, a formación e capacitación do persoal, o establecemento de mecanismos de información ao público e a provisión dos medios e recursos precisa para a aplicabilidade do plan.

Para tal fin o plan de autoprotección atenderá aos seguintes criterios:

Información previa. Estableceranse mecanismos de información dos riscos da actividade para o persoal e o público, así como do plan de autoprotección para o persoal da actividade.

Formación teórica e práctica do persoal asignado ao plan de autoprotección, establecendo un adecuado programa de actividades formativas.

Definición, provisión e xestión dos medios e recursos económicos necesarios.

Da dita implantación emitirase unha certificación na forma e contido que establezan os órganos competentes das administracións públicas.

3.6 Criterios para o mantemento da eficacia do plan de autoprotección:

1. As actividades de mantemento da eficacia do plan de autoprotección deben formar parte dun proceso de preparación continuo, sucesivo e iterativo que, incorporando a experiencia adquirida, permita alcanzar e manter un adecuado nivel de operatividade e eficacia.

2. Establecerase un adecuado programa de actividades formativas periódicas para asegurar o mantemento da formación teórica e práctica do persoal asignado ao plan de autoprotección, establecendo sistemas ou formas

de comprobación de que estes coñecementos foron adquiridos.

3. Preverase un programa de mantemento dos medios e recursos materiais e económicos necesarios.

4. Para avaliar os plans de autoprotección e asegurar a eficacia e operatividade dos plans de actuación en emerxencias realizaranse simulacros de emerxencia, coa periodicidade mínima que fixe o propio plan e, en todo caso, polo menos unha vez ao ano avaliando os seus resultados.

5. A realización de simulacros terá como obxectivos a verificación e comprobación de:

A eficacia da organización de resposta ante unha emerxencia.

A capacitación do persoal adscrito á organización de resposta.

O adestramento de todo o persoal da actividade na resposta fronte a unha emerxencia.

A suficiencia e idoneidade dos medios e recursos asignados.

A adecuación dos procedementos de actuación.

6. Os simulacros implicarán a activación total ou parcial das accións contidas no Plan de actuación en emerxencias.

7. Das actividades de mantemento da eficacia do Plan a empresa conservará, á disposición das administracións públicas, información sobre elas, así como dos informes de avaliación realizados, debidamente asinados polo responsable do plan.

3.7 Vixencia do plan de autoprotección e criterios para a súa actualización e revisión.—O plan de autoprotección terá vixencia indeterminada; manterase adecuadamente actualizado e revisarse, polo menos, cunha periodicidade non superior a tres anos.

## ANEXO I

### Catálogo de actividades

#### 1. Actividades con regulamentación sectorial específica

a) Actividades industriais, de almacenamento e de investigación:

Establecementos nos cales interveñen substancias perigosas: aqueles nos cales están presentes substancias perigosas en cantidades iguais ou superiores ás especificadas na columna 2 das partes 1 e 2 do anexo 1 do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, e o Real decreto 948/2005, do 29 de xullo, que o modifica, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñen substancias perigosas.

As actividades de almacenamento de produtos químicos acollidas ás instrucións técnicas complementarias e nas cantidades seguintes:

ITC APQ-1, de capacidade maior a 200 m<sup>3</sup>.

ITC APQ-2, de capacidade maior a 1 t.

ITC APQ-3, de capacidade maior a 4 t.

ITC APQ-4, de capacidade maior a 3 t.

ITC APQ-5, de categoría 4 ou 5.

ITC APQ-6, de capacidade maior a 500 m<sup>3</sup>.

ITC APQ-7, de capacidade maior a 200 m<sup>3</sup>.

ITC APQ-8, de capacidade maior a 200 t.

Establecementos nos cales interveñen explosivos: aqueles regulados na Orde/Pre/252/2006, do 6 de febreiro, pola que se actualiza a Instrución técnica complementaria número 10 sobre prevención de accidentes graves do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.

Actividades de xestión de residuos perigosos: aquelas actividades de recollida, almacenamento, valorización ou

eliminación de residuos perigosos, de acordo co establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

Explotacións e industrias relacionadas coa minaría: aquelas reguladas polo Real decreto 863/1985, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral de normas básicas de seguraza mineira e polas súas instrucións técnicas complementarias.

Instalacións de utilización confinada de organismos modificados xeneticamente: as clasificadas como actividades de risco alto (tipo 4) no Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e a execución da Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente.

Instalacións para a obtención, transformación, tratamento, almacenamento e distribución de substancias ou materias biolóxicas perigosas: as instalacións que conteñan axentes biolóxicos do grupo 4, determinados no Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

b) Actividades de infraestruturas de transporte:

Túneles. R.D. 635/2006, do 26 de maio, sobre requisitos mínimos de seguraza nos túneles de estradas do Estado.

Portos comerciais: os portos de interese xeral con uso comercial e os seus usos complementarios ou auxiliares definidos na Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

Aeroportos, aeródromos e demais instalacións aeroportuarias: aqueles regulados pola Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguraza aeroportuaria, e pola normativa internacional (Normas e recomendacións da Organización da Aviación Civil Internacional –OACI) e nacional da Dirección Xeral de Aviación Civil aplicable.

c) Actividades e infraestruturas enerxéticas:

Instalacións nucleares e radioactivas: as reguladas polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas.

Infraestruturas hidráulicas (presas e encoros): as clasificadas como categorías A e B na Orde do 12 de marzo de 1996, pola que se aproba o Regulamento técnico sobre seguraza de presas e encoros, así como na Resolución do 31 de xaneiro de 1995, pola que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións.

d) Actividades de espectáculos públicos e recreativas. Lugares, recintos e instalacións en que se celebren os eventos regulados pola normativa vixente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, sempre que cumpran coas seguintes características:

En espazos pechados:

Edifícios pechados: con capacidade ou cabida igual ou superior a 2000 persoas, ou cunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m.

Instalacións pechadas desmontables ou de temporada: con capacidade ou cabida igual ou superior a 2.500 persoas.

Ao aire libre: en xeral, aquelas cunha capacidade ou cabida igual ou superior a 20.000 persoas.

e) Outras actividades reguladas por normativa sectorial de autoprotección. Aqueloutras actividades desenvolvidas en centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias ou medios análogos sobre os

cales unha normativa sectorial específica estableza obrigas de autoprotección nos termos definidos nesta norma básica de autoprotección.

2. *Actividades sen regulamentación sectorial específica*

a) Actividades industriais e de almacenamento:

Aquelas cunha carga de lume ponderada e corrixida igual ou superior a 3.200 Mcal/m<sup>2</sup> o 13.600 MJ/m<sup>2</sup> (risco intrínseco alto 8, segundo a táboa 1.3 do anexo I do Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que aproba o Regulamento de seguraza contra incendios nos establecementos industriais) ou aquelas en que estean presentes substancias perigosas en cantidades iguais ou superiores ao 60% das especificadas na columna 2 das partes 1 e 2 do anexo 1 do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, modificado polo R.D. 948/2005, do 29 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñen substancias perigosas.

Instalacións frigoríficas con líquidos refrixerantes do segundo e terceiro grupo cando superen as cantidades totais empregadas en 3 t.

Establecementos con instalacións acollidas ás ITC IP02, IP03 e IP-04 con máis de 500 m<sup>3</sup>.

b) Actividades e infraestruturas de transporte:

Estacións e intercambiadores de transporte terrestre: aqueles cunha ocupación igual ou superior a 1.500 persoas.

Liñas ferroviarias metropolitanas.

Túneles ferroviarios de lonxitude igual ou superior a 1.000 m.

Autoestradas de peaxe.

Áreas de estacionamento para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril.

Portos comerciais.

c) Actividades e infraestruturas enerxéticas:

Centros ou instalacións destinados á produción de enerxía eléctrica: os de potencia nominal igual ou superior a 300 MW.

Instalacións de xeración e transformación de enerxía eléctrica en alta tensión.

d) Actividades sanitarias:

Establecementos de usos sanitarios en que se prestan coidados médicos en réxime de hospitalización e/ou tratamento intensivo ou cirúrxico, cunha dispoñibilidade igual ou superior a 200 camas.

Calquera outro establecemento de uso sanitario que dispoña dunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m, ou dunha ocupación igual ou superior a 2.000 persoas.

e) Actividades docentes:

Establecementos de uso docente especialmente destinados a persoas discapacitadas físicas ou psíquicas ou a outras persoas que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios.

Calquera outro establecemento de uso docente, sempre que dispoña dunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m, ou dunha ocupación igual ou superior a 2.000 persoas.

f) Actividades residenciais públicas:

Establecementos de uso residencial público: aqueles en que se desenvolven actividades de residencia ou centros de día destinados a anciáns, discapacitados físicos ou psíquicos, ou aqueles en que habitualmente existan ocupantes que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios e que afecte 100 ou máis persoas.

Calquera outro establecemento de uso residencial público sempre que dispoña dunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m, ou dunha ocupación igual ou superior a 2000 persoas.

g) Outras actividades: aquelas actividades desenvolvidas en centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias ou medios análogos que reúnan algunha das seguintes características:

Todos aqueles edificios que alberguen actividades comerciais, administrativas, de prestación de servizos, ou de calquera outro tipo, sempre que a altura de evacuación do edificio sexa igual ou superior a 28 m, ou ben dispoñan dunha ocupación igual ou superior a 2.000 persoas.

Instalacións pechadas desmontables ou de temporada con capacidade igual ou superior a 2.500 persoas.

Instalacións de cámping con capacidade igual ou superior a 2.000 persoas.

Todas aquelas actividades desenvolvidas ao aire libre cun número de asistentes previsto igual ou superior a 20.000 persoas.

## ANEXO II

### Contido mínimo do plan de autoprotección

O documento do plan de autoprotección estruturase, co contido que figura a continuación, tanto se se refire a edificios como a instalacións ou actividades ás cales lles sexan aplicables os diferentes capítulos.

#### *Índice paxinado*

Capítulo 1. Identificación dos titulares e da localización da actividade.

1.1 Enderezo postal da localización da actividade. Denominación da actividade, nome e/ou marca. Teléfono e fax.

1.2 Identificación dos titulares da actividade. Nome e/ou razón social. Enderezo postal, teléfono e fax.

1.3 Nome do director do plan de autoprotección e do director ou directora do plan de actuación en emerxencia, en caso de seren distintos. Enderezo postal, teléfono e fax.

Capítulo 2. Descrición detallada da actividade e do medio físico en que se desenvolve.

2.1 Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do plan.

2.2 Descrición do centro ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolven as actividades obxecto do plan.

2.3 Clasificación e descrición de usuarios.

2.4 Descrición do contorno urbano, industrial ou natural en que figuren os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.

2.5 Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a axuda externa.

Este capítulo desenvolverase mediante documentación escrita e xuntarase polo menos a documentación gráfica seguinte:

Plano de situación, que comprenda o contorno próximo urbano, industrial ou natural en que figuren os accesos, comunicacións, etc.

Planos descritivos de todas as plantas dos edificios, das instalacións e das áreas onde se realiza a actividade.

Capítulo 3. Inventario, análise e avaliación de riscos.

Débense ter presentes, polo menos, aqueles riscos regulados por normativas sectoriais. Este capítulo comprenderá:

3.1 Descrición e localización dos elementos, instalacións, procesos de produción, etc. que poidan dar orixe a

unha situación de emerxencia ou incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento desta.

3.2 Identificación, análise e avaliación dos riscos propios da actividade e dos riscos externos que puidesen afectala (riscos previstos nos plans de protección civil e actividades de risco próximas).

3.3 Identificación, cuantificación e tipoloxía das persoas tanto afectas á actividade como alleas a ela que teñan acceso aos edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.

Este capítulo desenvolverase mediante documentación escrita e xuntarase polo menos a documentación gráfica seguinte:

Planos de situación por plantas de todos os elementos e/ou instalacións de risco, tanto os propios coma os do contorno.

Capítulo 4. Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección.

4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, de que dispón a entidade para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos servizos externos de emerxencias.

4.2 As medidas e os medios, humanos e materiais, dispoñibles en aplicación de disposicións específicas en materia de seguranza.

Este capítulo desenvolverase mediante documentación escrita e xuntarase, polo menos, a documentación gráfica seguinte:

Planos de situación dos medios de autoprotección, conforme a normativa UNE.

Planos de percorridos de evacuación e áreas de confinamento, que reflectan o número de persoas que se evacuarán ou confinarán por áreas segundo os criterios fixados na normativa vixente.

Planos de compartimentación de áreas ou sectores de risco.

Capítulo 5. Programa de mantemento de instalacións.

5.1 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o seu control.

5.2 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a súa operatividade.

5.3 Realización das inspeccións de seguranza de acordo coa normativa vixente.

Este capítulo desenvolverase mediante documentación escrita e xuntarase, polo menos, un caderno de follas numeradas onde queden reflectidas as operacións de mantemento realizadas, e das inspeccións de seguranza, conforme a normativa dos regulamentos de instalacións vixentes.

Capítulo 6. Plan de actuación ante emerxencias.

Débense definir as accións que se desenvolverán para o control inicial das emerxencias, garantíndose a alarma, a evacuación e o socorro. Comprenderá:

6.1 Identificación e clasificación das emerxencias:

En función do tipo de risco.

En función da gravidade.

En función da ocupación e medios humanos.

6.2 Procedementos de actuación ante emerxencias:

a) Detección e alerta.

b) Mecanismos de alarma.

b.1) Identificación da persoa que dará os avisos.

b.2) Identificación do Centro de Coordinación de Atención de Emerxencias de Protección Civil.



- c) Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.
- d) Evacuación e/ou confinamento.
- e) Prestación das primeiras axudas.
- f) Modos de recepción das axudas externas.

6.3 Identificación e funcións das persoas e equipos que levarán a cabo os procedementos de actuación en emerxencias.

6.4 Identificación do responsable da posta en marcha do Plan de actuación ante emerxencias.

Capítulo 7. Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior.

7.1 Os protocolos de notificación da emerxencia

7.2 A coordinación entre a dirección do plan de autoprotección e a dirección do Plan de protección civil onde se integre o plan de autoprotección.

7.3 As formas de colaboración da organización de autoprotección cos plans e as actuacións do sistema público de protección civil.

Capítulo 8. Implantación do plan de autoprotección.

8.1 Identificación do responsable da implantación do plan.

8.2 Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no plan de autoprotección.

8.3 Programa de formación e información a todo o persoal sobre o plan de autoprotección.

8.4 Programa de información xeral para os usuarios.

8.5 Sinalización e normas para a actuación de visitantes.

8.6 Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.

Capítulo 9. Mantemento da eficacia e actualización do plan de autoprotección.

9.1 Programa de reciclaxe de formación e información.

9.2 Programa de substitución de medios e recursos.

9.3 Programa de exercicios e simulacros.

9.4 Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do plan de autoprotección.

9.5 Programa de auditorías e inspeccións.

Anexo I. Directorio de comunicación.

1. Teléfonos do persoal de emerxencias.
2. Teléfonos de axuda exterior.
3. Outras formas de comunicación.

Anexo II. Formularios para a xestión de emerxencias.

Anexo III. Planos.

### ANEXO III

#### Definicións

Os conceptos e termos fundamentais utilizados na norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias, dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, débense entender así definidos:

**Actividade:** conxunto de operacións ou tarefas que poidan dar orixe a accidentes ou sucesos que xeren situacións de emerxencia.

**Cabida:** capacidade total de público nun recinto ou edificio destinado a espectáculos públicos ou actividades recreativas.

**Alarma:** aviso ou sinal polo cal se informa as persoas para que sigan instrucións específicas ante unha situación de emerxencia.

**Alerta:** situación declarada co fin de tomar precaucións específicas debido á probable e próxima ocorrencia dun suceso ou accidente.

**Altura de evacuación:** a diferenza de cota entre o nivel dunha orixe de evacuación e o do espazo exterior seguro.

**Autoprotección:** sistema de accións e medidas, adoptadas polos titulares das actividades, públicas ou privadas, cos seus propios medios e recursos, dentro do seu ámbito de competencias, encamiñadas a previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens, a dar resposta adecuada ás posibles situacións de emerxencia e a garantir a integración destas actuacións no sistema público de protección civil.

**Centro, establecemento, espazo, dependencia ou instalación:** a totalidade da zona, baixo control dun titular, onde se desenvolva unha actividade.

**Confinamento:** medida de protección das persoas, tras un accidente, que consiste en permanecer dentro dun espazo interior protexido e illado do exterior.

**Efecto dominó:** a concatenación de efectos causantes de risco que multiplican as consecuencias, debido a que os fenómenos perigosos poden afectar, ademais dos elementos vulnerables exteriores, outros recipientes, encanamentos, equipamentos ou instalacións do mesmo establecemento ou doutros próximos, de tal maneira que pola súa vez provoquen novos fenómenos perigosos.

**Evacuación:** acción de traslado planificado das persoas, afectadas por unha emerxencia, dun lugar a outro provisional seguro.

**Intervención:** consiste na resposta á emerxencia, para protexer e socorrer as persoas e os bens.

**Medios:** conxunto de persoas, máquinas, equipamentos e sistemas que serven para reducir ou eliminar riscos e controlar as emerxencias que se poidan xerar.

**Ocupación:** máximo número de persoas que pode conter un edificio, espazo, establecemento, recinto, instalación ou dependencia, en función da actividade ou uso que nel se desenvolva. O cálculo da ocupación realízase atendendo ás densidades de ocupación indicadas na normativa vixente. Porén, de se prever unha ocupación real maior á resultante deste cálculo, tomárase esta como valor de referencia. E igualmente, se legalmente fose exixible unha ocupación menor á resultante daquel cálculo, tomarárase esta como valor de referencia.

**Organo competente para o outorgamento de licenza ou permiso para a explotación ou inicio de actividade:** o órgano da Administración pública que, conforme a lexislación aplicable á materia a que se refire a actividade, teña que conceder o título para a súa realización.

**Perigo:** probabilidade de que se produza un efecto prexudicial específico nun período de tempo determinado ou en circunstancias determinadas.

**Plan de autoprotección:** marco orgánico e funcional previsto para unha actividade, centro, establecemento, espazo, instalación ou dependencia, co obxecto de previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar resposta adecuada ás posibles situacións de emerxencias, na zona baixo responsabilidade do titular, garantindo a integración destas actuacións no sistema público de protección civil.

**Plan de actuación en emerxencias:** documento pertencente ao plan de autoprotección en que se prevé a organización da resposta ante situacións de emerxencia clasificadas, as medidas de protección e intervención que se adoptarán, e os procedementos e secuencia de actuación para dar resposta ás posibles emerxencias.

**Planificación:** é a preparación das liñas de actuación para facer fronte ás situacións de emerxencia.

Prevenición e control de riscos: é o estudo e a implantación das medidas necesarias e convenientes para manter baixo observación, evitar ou reducir as situacións de risco potencial e danos que puidesen derivar. As accións preventivas débense establecer antes de que se produza a incidencia, emerxencia, accidente ou como consecuencia da experiencia adquirida após a análise destas.

Portos comerciais: os que en razón ás características do seu tráfico reúnen condicións técnicas, de seguranza e de control administrativo para que neles se realicen actividades comerciais portuarias, entendendo por tales as operacións de estiba, desestiba, carga, descarga, transbordo e almacenamento de mercadorías de calquera tipo, en volume ou forma de presentación que xustifiquen a utilización de medios mecánicos ou instalacións especializadas.

Recursos: elementos naturais ou técnicos cuxa función habitual non está asociada ás tarefas de autoprotección e cuxa dispoñibilidade fai posible ou mellora os labores de prevención e actuación ante emerxencias.

Rehabilitación: é a volta á normalidade e continuación da actividade.

Risco: grao de perda ou dano esperado sobre as persoas e os bens e a súa conseguinte alteración da actividade socioeconómica, debido á ocorrencia dun efecto prexudicial específico.

Titular da actividade: a persoa física ou xurídica que explote ou posúa o centro, establecemento, espazo, dependencia ou instalación onde se desenvolvan as actividades.

#### ANEXO IV

#### Contido mínimo do rexistro de establecementos regulados pola norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias, dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia

##### Datos xerais:

Nome do establecemento.

Enderezo completo.

Teléfono, fax, correo electrónico.

N.º de ocupantes (clasificación).

N.º empregados (clasificación).

Actividade ou uso do establecemento. Actividades ou usos que convivan na mesma edificación.

Datos do titular (nome, enderezo, teléfono...).

Data da última revisión do plan.

##### Datos estruturais:

Tipo de estrutura.

N.º de plantas sobre e baixo rasante.

Superficie útil ou construída (por plantas).

Número de saídas ao exterior.

Número de escaleiras interiores.

Número de escaleiras exteriores.

Sectorización de incendios.

Información relevante sobre a estrutura e/ou o edificio.

Localización das claves de corte de subministracións enerxéticas (gas, electricidade, gasóleo...).

##### Contorno:

Información sobre o contorno (urbano, rural, proximidade a ríos, a rutas polas cales transitan vehículos con mercadorías perigosas, a industrias, a zonas forestais, edificio illado ou medianeiro con outras actividades. Tipo de actividades do contorno e os seus titulares.)

Vulnerables existentes no contorno.

##### Accesibilidade:

Datos e información relevante sobre o acceso.

Características dos accesos de vehículos ás fachadas do establecemento.

Número de fachadas accesibles para os bombeiros.

##### Focos de perigo e vulnerables:

Tipo de risco máis significativo que emana do edificio.

Tipo e cantidade de produtos perigosos que se almacenan e/ou procesan

Vulnerables.

Instalacións técnicas de protección contra incendios.

Dispón de:

Detección e alarma de incendios. Data de revisión da instalación.

Interruptores de alarma de incendios. Data de revisión da instalación.

Extintores de incendios. Data de revisión da instalación.

Bocas de incendio equipadas. Data de revisión da instalación.

Hidrantes. Data de revisión da instalación.

Columna seca. Data de revisión da instalación.

Extinción automática de incendios. Data de revisión da instalación.

Iluminación emerxencia. Data de revisión da instalación.

Sinalización. Data de revisión da instalación.

Grupo electrógeno e SAI. Data de revisión da instalación.

Equipamento de bombeo e cisterna ou depósito de auga. Data de revisión da instalación.

Planos.

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**6238** *REAL DECRETO 397/2007, do 23 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 940/2001, do 3 de agosto, polo que se establecen normas reguladoras da axuda á transformación non sector do liño e do cânabo con destino á produción de fibras e o Real decreto 890/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o réxime temporal para a reestruturación do sector do azucre. («BOE» 72, do 24-3-2007.)*

O Regulamento (CE) n.º 1673/2000 do Consello, do 27 de xullo de 2000, polo que se establece a organización común de mercados no sector do liño e do cânabo destinados á produción de fibras, fixa a axuda para a fibra que conteña como máximo un 7,5 por cento de impurezas e tomentos. Non obstante, facultaba os Estados membros para concederen a axuda á produción de fibras cando o contido de impurezas e tomentos non superase o 15 por cento para o liño e o 25 por cento para o cânabo, para as campañas de comercialización 2001/2002 a 2005/2006.

O Real decreto 940/2001, do 3 de agosto, polo que se establecen normas reguladoras da axuda á transformación no sector do liño e do cânabo con destino á produción de fibras, recolle, entre outras disposicións, que o